

BASES DO I CONCURSO DE VÍDEOS “PRESUME DE LINGUA”

O Concello de Silleda, administración pública domiciliada en Rúa Progreso nº 41, en Silleda, organiza e convoca a primeira edición do Concurso “Presume de Lingua” (en diante o Concurso), que se rexerá polo disposto nas seguintes bases:

1. OBXECTO

O concurso ten como obxectivo promover o uso e a valoración da lingua galega, así como homenaxear a figura da escritora Luísa Villalta, en conmemoración do Día das Letras Galegas. As persoas participantes deberán crear e enviar un vídeo creativo que funcione como anuncio publicitario, promocionando no mesmo a lingua galega, o Día das Letras Galegas e/ou a figura da escritora Luísa Villalta.

2. PERSOAS PARTICIPANTES

O Concurso está aberto a mozos e mozas de entre 14 e 20 anos, cumpridos no momento de realizar a solicitude. As persoas participantes deberán estar censadas no Concello de Silleda.

3. FORMATO DO VÍDEO

As persoas participantes deberán crear un vídeo cunha duración mínima de 30 segundos e máxima de 90 segundos. O contido do vídeo debe promocionar de maneira creativa e orixinal a lingua galega, as letras galegas e/ou a figura de Luísa Villalta.

O vídeo deberá estar feito integramente en lingua galega e poderá gravarse incluso cun teléfono móbil e tamén editarse. Os traballos deberán ser inéditos, e non ter sido presentados a outro concurso ou certame.

4. PRAZO

O prazo para a presentación dos vídeos comezará o xoves 18 de abril e rematará o domingo 12 de maio ás 23:59 horas. Non se aceptarán vídeos enviados fóra dese prazo.

5. PROCEDEMENTO DE PARTICIPACIÓN

Para participar, as persoas interesadas deberán enviar o seu vídeo ao correo electrónico cultura@silleda.es, podendo ser enviado a través da plataforma WeTransfer no caso de que o tamaño do arquivo impida o seu envío. Cada participante poderá enviar un único vídeo.

Xunto co vídeo, a persoa interesada deberá enviar a solicitude (Anexo I) debidamente cuberta e asinada pola persoa participante ou polo pai, nai ou titor/a legal no caso de persoas participantes menores de idade.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os vídeos serán valorados polo xurado tendo en conta os seguintes criterios, que representarán o 50% da puntuación final:

- Creatividade e orixinalidade da proposta.
- Calidade técnica e audiovisual.
- Capacidade para promocionar a lingua galega, as letras galegas e/ou a figura de Luísa Villalta.
- Mensaxe e impacto emocional.

O restante 50% da puntuación final será determinado polo número de "gústame" recibidos no vídeo publicado na conta oficial de Instagram do Concello de Silleda. Os vídeos publicaranse o luns 13 de maio e computaranse os "gústame" obtidos en cada vídeo ata o mércores 15 de maio ás 23:59 horas.

7. XURADO

O xurado estará composto por dúas persoas profesionais do mundo da comunicación e a Concelleira de Cultura, con voz pero sen voto e actuando como secretaria. A súa puntuación representará o 50% da puntuación final. A decisión do xurado será inapelábel.

8. PREMIOS

Entregaranse tres premios que consistirán en vales para mercar no comercio local do Concello de Silleda:

- Primeiro premio: 200 euros
- Segundo premio: 100 euros
- Terceiro premio: 50 euros

9. COMUNICACIÓN DAS PERSOAS GAÑADORAS

As persoas gañadoras serán anunciadas o venres 17 de maio ás 12:30 horas nun acto aberto ao público que se celebrará na Praza Señor Afranio de Silleda con motivo do día das Letras Galegas.

10. DEREITOS DE AUTOR

As persoas participantes ou persoas que as representen garanten que os vídeos presentados son da súa autoría e que non infrinxen os dereitos de terceiros.

As persoas participantes ou as persoas que as representen ceden ao Concello de Silleda os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública dos vídeos presentados, así como o dereito a realizar as modificacións necesarias para a súa difusión e promoción.

11. EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

O Concello de Silleda queda exonerado, non facéndose responsable, respecto do incumprimento da persoa participante de calquera garantía en materia de dereitos de propiedade intelectual, industrial ou de imaxe, así como de calquera responsabilidade que puidera derivar do incumprimento ou cumprimento defectuoso das persoas participantes no Concurso das presentes bases.

12. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no Concurso implica a aceptación de todas as bases establecidas.

O Concello de Silleda resérvase o dereito de descartar e excluír do Concurso ás persoas participantes:

- Cando se inscriban con datos falsos ou existan indicios de que puideran levar a pensar que os datos son falsos. A estes efectos, poderase esixir ás persoas participantes a verificación dos seus datos se o considera oportuno.

- Cando, de calquera forma fraudulenta ou artificial, manipulen a súa participación no Concurso.
- Cando o Concello de Silleda considere que os vídeos conteñen elementos que de calquera xeito poidan considerarse contrarios aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas, induzan, inciten ou promovan actuacións denigratorias ou violentas en xeral. Tamén se se encontran protexidas por calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial pertencentes a terceiros sen que a persoa participante obtivera previamente a autorización necesaria para realizar o uso efectuado ou que pretende efectuar.
- Cando se incumpran as presentes bases en calquera forma.

A Participación neste Concurso supón o coñecemento e a plena aceptación das súas bases. Calquera quebrantamento dalgunhas destas bases, suporá a descualificación inmediata do traballo presentado.

13. MODIFICACIÓNS

O Concello de Silleda resérvase o dereito de modificar as condicións do Concurso en calquera momento, e incluso de anulalo ou deixalo sen efecto. En todo caso, comprométese a comunicar as bases modificadas a través da web www.silleda.es de forma que todas as persoas participantes teñan acceso a dita información.

14. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais proporcionados polas persoas participantes serán tratados de acordo coa normativa de protección de datos vixente e serán utilizados unicamente para a xestión do concurso.

15. CONTACTO

Para calquera consulta relacionada co concurso, as persoas participantes poden contactar co Concello a través do correo electrónico cultura@silleda.es ou por teléfono no 986 58 00 00.